# Analizamos as formas de comunicación

### 1- Para entender mellor e axudárdesvos a analizar os diferentes medios, respondede entre todos e todas as seguintes preguntas:

•**Quen cres que é o emisor ou emisora?** (É unha persoa concreta, un grupo, unha institución?)
•**A quen vai dirixida principalmente a mensaxe (receptor/es/as)?** (É unha persoa específica, un grupo pequeno, o público en xeral?)
•**Cal é a mensaxe principal ou o tema da comunicación?**
•**Que canle se utiliza para transmitir a mensaxe?** (Ex: papel, ondas de radio, internet, pantalla...)
•**Que código/s se empregan?** (Ex: escrita, oral, imaxes, son, emoticonas...)
•**Cal é o propósito ou intención probable desta comunicación?** (Informar, entreter, persuadir, expresar sentimentos, organizar algo...)
•**Consideras que é unha comunicación máis ben formal ou informal? Por que?**
•**Permite unha resposta doada e rápida por parte do receptor ou receptora (é interactiva)?**
•**É unha comunicación que queda rexistrada e pode consultarse tempo despois (permanencia)?**

### 2- Analizade os 5 exemplos e valorade do 1 ao 5 seguindo a sucesiva escala os diferentes aspectos:

**1=Pouco/a 2=Algo 3=Suficiente 4=Bastante 5=Moito/a**

| | Exemplo 1 | Exemplo 2 | Exemplo 3 | Exemplo 4 | Exemplo 5 |
|---|---|---|---|---|---|
| **Rapidez e interacción** | | | | | |
| **Alcance** | | | | | |
| **Permanencia** | | | | | |
| **Códigos** | | | | | |

**Formalidade**

**Evolución**

**Uso por parte do alumnado**

**Antigüidade**

cc BY NC SA

"Os tempos cambian... Táboa comparativa de medios", do proxecto *cREAgal*, publícase coa Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0